

JORGE FEDERICO OSORIO

Jorge Federico Osorio é un dos máis eminentes pianistas dos nosos tempos e foi internacionalmente aclamado pola súa mestría e dominio absoluto do instrumento. Ademais de presentarse regularmente coas principais orquestras do seu país, tocou con grande número das mellores orquestras do mundo, como a Orquestra do Concertgebouw de Amsterdam, a Filharmónica de Israel, a Orquestra Filarmonía, a Orquestra Filharmónica Real, a Orquestra da RTV Española, a Orquestra Nacional de Francia, a Filharmónica de Varsovia, a Sinfónica do Estado de Moscú, as Orquestras Sinfónicas de Chicago, Detroit, Seattle, Milwaukee e Dallas, baixo a batuta de directores tan distinguidos como Bernard Haitink, Klaus Tennstedt, Lorin Maazel, Herrera da Fonte, Jorge Mester, Eduardo Mata, Carlos Miguel Prieto, Enrique Bátiz, Enrique Diemecke, Jesús López-Cobos, Christopher Wilkins, Victor Pablo, Zuohuang Chen e Michel Plasson, entre outros. As súas xiras de concertos levárono por Europa, Asia e o continente americano, e presentouse nos festivais de Ravinia, Grant Park, Hollywood Bowl, Newport e o Festival Internacional de Piano en Gulangyu, China. Gravou para a NHK de Xapón, a Radio Belga e a BBC. Da tempada en curso, destacan a súa presentación coa Sinfónica de Chicago baixo a dirección de James Conlon, a súa participación na xira por sud-América coa Real Filharmonía de Galicia dirixida por Antoni Ros Marbà, un recital no Lincoln Center de Nova York e unha xira por Europa coa Orquestra Sinfónica Nacional de México dirixida por Carlos Miguel Prieto.



A discografía de Osorio abrangue unha ampla variedade de repertorio gravado para EMI, CBS, Artek, Cedille, IMP e ASV, recibindo eloxiosas críticas en Gramophone, BBC Music Magazine e American Record Review. Nela inclúense os Cinco Concertos para Piano e Orquestra de Beethoven, concertos de Mozart, Schumann, Ravel, Rodrigo, Ponce, Chaikovsky, e obras con orquestra de Rachmaninov, de Falla e Villa-Lobos. Ten tamén recitais gravados con obras de Ponce, Beethoven, Fauré e Brahms. Entre as súas gravacións máis recentes atopan os Preludios de Debussy, varias obras de Liszt, o Concerto para Piano de Carlos Chávez coa Orquestra Sinfónica Nacional de México dirixida por Enrique Diemecke, as Sonatas para Violín e Piano de Brahms con Elmar Oliveira, o Concerto No. 2 de Brahms coa Orquestra Sinfónica do Principado de Asturias baixo a dirección de Maximiano Valdés e Piano español con obras de Albéniz, Granados, Soler e Falla.

Osorio recibiu varios premios internacionais, incluíndo o Concurso Internacional de Piano de Rhode Island e o Premio Gina Bachauer da Sinfónica de Dallas. A música de cámara formou parte integral da súa vida artística. Ademais de ser o director artístico do Festival Brahms en México, colaborou co Cuarteto de Moscú, o Cuarteto Tel Aviv, o Cuarteto Ruso-Americano, cos violinistas Henryk Szeryng, Mayumi Fujikawa, e Ani Kavafian, e co chelista Richard Markson. Nacido na Cidade de México, Jorge Federico Osorio estudou nos conservatorios de México, París e Moscú, sendo os seus mestres Luz María Puente, Bernard Flavigny, Jacob Milstein e máis tarde, en Nova York, Nadia Reisenberg. Tamén participou nos cursos impartidos por Wilhelm Kempff en Positano, Italia.

Osorio foi nomeado membro correspondente da Real Academia Galega de Belas Artes de Nuestra Señora del Rosario en 2003.